



Concello de Cuntis

DECRETO DE CONVOCATORIA DO IV CERTAME DE DEBUXOS SAUDABLES PARA A POBOACIÓN ESCOLAR E APROBACIÓN DAS BASES

DON MANUEL CAMPOS VELAY, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CUNTIS,

Vistas as Bases Reguladoras do IV Certame de Debuxos Saudables.

RESOLVO:

1º.- Convocar o IV CERTAME DE DEBUXOS SAUDABLES, para os concellos de Cuntis, Barro, Campo Lameiro, Moraña e Portas, dentro do Proxecto de Prevención de Condutas Adictivas no Eido Local.

2º.- Aprobado as Bases polas que se regula dito Certame, que se incorporan a esta resolución.

3º.- Nomear ao xurado, para o concello de Cuntis, que estará formado por tres membros que forman parte da corporación municipal e/ou do persoal traballador do concello:

- José Carlos Fernández Treviño (Responsable da área de saúde da Concellaría de Servizos Sociais, Igualdade e Xustiza do Concello de Cuntis).
- Alejandro Juanatey Regalado (Funcionario do Concello de Cuntis).
- Consuelo Rivadulla Rodríguez (Persoal Técnico do Concello de Cuntis).

BASES DO IV CERTAME DE DEBUXOS SAUDABLES PARA A POBOACIÓN ESCOLAR DOS CONCELLOS DE UNTIS, BARRO, CAMPO LAMEIRO, MORAÑA E PORTAS

- **PARTICIPANTES:** Alumnado de 2º EP dos Centros educativos dos concellos de Barro, Campo Lameiro, Moraña e Portas, e alumnado asistente ao programa de conciliación Cuntilín do Concello de Cuntis.
- **TEMA:** Hábitos saudables (alimentación, deporte, solidaridade, habilidades sociais, etc.).
- **CONDICIÓN DAS OBRAS:**
 - Orixinais a unha soa cara e a tamaño: DIN A4 (realizadas na aula), en orientación horizontal.
 - Unha obra por concursante, sen asinar (código).
 - Na parte posterior da obra figurará un código. Para asociar cada código a un alumno/a entregarase ao profesorado unha lista con varios códigos que deberán ser asociados ao alumnado.





Concello de Cuntis

Posteriormente, esa lista será entregada en sobre pechado o mesmo día que se entreguen os debuxos participantes.

- **PRAZO:** *As obras poderanse entregar ata o 18 de marzo (inclusive).
Entregaranse á orientadora de cada centro educativo e a educadora familiar do Concello de Cuntis.*
- **XURADO:** *Cada Concello nomeará un xurado propio. Este xurado estará composto por tres membros que formarán parte da corporación local, e/ou do persoal de cada concello.*
- **RESOLUCIÓN DO XURADO:** *As obras presentadas quedarán en propiedade do Proxecto de Prevención de condutas adictivas no eido local dos Concellos de Cuntis, Barro, Campo Lameiro, Moraña e Portas, para empregalas como se considere oportuno. A obra gañadora en cada concello será utilizada como imaxe no díptico informativo do 7 de abril "Día Mundial da saúde".*
 - *Tódalas obras serán expostas durante o mes de abril (mes da Saúde) na Casa de Cultura ou Biblioteca de cada concello.*
 - *Tódalas aulas ou grupos participantes recibirán un agasallo como recompensa polo seu esforzo e colaboración, sen que elo supoña un gasto extraordinario para o Concello xa que se trata máis dun recoñecemento como é a realización dunha exposición e a entrega de material de divulgación do programa de que dispoñemos.*
 - *A participación neste Certame supón a aceptación das bases anteriormente descritas.*

